



## **Medicina**

### **CATEGORÍAS RELACIONADAS**

#### ***Fonte das Boliqueiras***

A Fonte das Boliqueiras está na parroquia do Aparral, As Pontes de García Rodríguez (A Coruña). As augas son ferruxinosas e foron moi prezadas para curar a tuberculose e mailas anemias.

Na carballeira de arredor da fonte vive un encanto que nunca se deixa ver aínda que, sen embargo, facía rúidos semellantes ao estalar dun ramallo ou dunha póla cando rompe. Disque agora xa non se escoitan os sons do encanto da fonte das Boliqueiras porque non hai carballeira, foi aniquilada hai tempo pola avariza dunha empresa.

### **BIBLIOGRAFÍA**

RIVERA ROUCO, E., *Estudio sobre la Historia de Puentes de García Rodríguez y su comarca*, As Pontes de García Rodríguez 1976.